

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 11-09 Páx. 1 de 2	TRABALLOS EN ESPAZOS CONFINADOS

RISCOS XERAIS	CAUSAS
• Aprisionamentos e golpes	• Por, elementos saíntes, dimensións reducidas da boca de entrada, obstáculos no interior
• Electrocucións	• Por contacto con partes metálicas que accidentalmente poden estar en tensión
• Caídas a distinto ou mesmo nivel	• Por esvaróns
• Caídas de obxectos ao interior	• De xeito accidental mentres se está a traballar
• Incomunicación	• Derivados de problemas de comunicación entre o exterior e o interior
• Fatiga	• Por ambiente físico agresivo (moito frío ou moita calor) • Por ruído e vibracións de equipos de traballo

RISCOS ESPECÍFICOS	CAUSAS
• Asfixia	• Por consumo de osíxeno ou desprazamento deste por outros gases. Comezan os síntomas de asfixia cando a porcentaxe de osíxeno no aire baixa dun 21%
• Incendio e explosión	• Por formación de atmosferas explosivas debidas á evaporación de disolventes de pintura, restos de líquidos inflamables, reaccións químicas, carga, descarga e transporte de pos combustibles (cereais, pensos...)
• Intoxicación	• Por concentración no aire de produtos tóxicos por riba de determinados límites de exposición. Poden ser: gases, vapores ou po fino en suspensión

CONCEPTOS

Espazo confinado. É un espazo con aberturas limitadas de entrada e saída e con ventilación natural desfavorable no que poden acumularse contaminantes tóxicos ou inflamables, ou ter unha atmosfera deficiente en osíxeno, e que non está concibido para unha ocupación continuada por parte do traballador.

TIPOS DE ESPAZOS CONFINADOS

Espazos confinados abertos pola parte superior e cunha profundidade que dificulta a ventilación natural

- Fosos de engrase de vehículos.
- Cubas de desengrasado.
- Pozos.
- Depósitos abertos.
- Cubas.

Espazos confinados cunha pequena abertura de entrada de saída

- Tanques de almacenamento, sedimentación, etc.
- Salas subterráneas de transformadores.
- Túneles.
- Sumidoiros.
- Galerías de servizos.
- Bodegas de barcos.
- Arquetas subterráneas.







MEDIDAS PREVENTIVAS

- Mentres se realizan traballos en espazos confinados debe asegurarse que estes van estar illados e bloqueados fronte a dous tipos de risco:
 - Subministro enerxético repentino
 - Achega de substancias contaminantes por perdas ou fugas nas conducións
- Nunca se usará osíxeno para ventilar un espazo confinado
- É fundamental a formación e adestramento dos traballadores
- Hai que sinalar con información clara que se están realizando traballos en espazos confinados



**ESPAZO
CONFINADO**

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 11-09 Páx. 2 de 2	TRABALLOS EN ESPAZOS CONFINADOS



		
Non entrar sen autorización. Identificar o espazo confinado, analizar os riscos e a súa prevención	Encher a autorización de entrada e adoptar as medidas preventivas	Limpeza, medición e avaliación do ambiente interior para determinar o seu perigo
		
Entrada con medios e equipos adecuados (ventilación, epis, escada, corda de salvamento suxeita dende o exterior, etc.)	Control dende o exterior durante o tempo de traballo medindo continuamente a atmosfera interior	Adestramento e planificación fronte a un rescate ou emerxencia

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

						
---	---	---	---	--	---	---

RECOMENDACIÓN

						
Casco protección EN-397	Máscara	Respiración autónoma	Luvas seguridade EN-388/EN-374-1,2,3	Botas seguridade EN-344	Arnés seguridade EN-341	Roupa protección EN-340

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Monserrat Alonso Fernández Data: 15/07/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais  Mª José Montero Vilarino..... Data: 15/07/2009	 Carmen Álvarez González Data: 20-08-2013 